

Estimadas familias chega o Entroido, e con el, o tradicional Meco.



Todos os días este amigo ordenará traer algo posto e nós debemos obedecelo. Por iso pedimos a vosa colaboración para que axudedes aos vosos fillos/as a buscar os mandados do Meco.

Aquí vos deixamos un resumo do que vai pedir ao longo da semana que vén.

LUNS 8: traerán unha prenda do revés

Se queres entrar con bo pé

trae unha *prenda do revés*.



MARTES 9: poñer algo na cabeza

Aínda que che dea pereza

pon *algo na cabeza*.



MÉRCORES 10: poñer algo no pescozo

Do pescozo colgarás algo

que non esquecerás.



XOVES 11: traerán algo na cintura

Na cintura o lucirás

por diante ou por detrás.



VENRES 12: virán disfrazados da casa (disfraz libre).

Tés algún disfraz gardado?

Elix un e vén disfrazado.



Moitas grazas pola vosa axuda e colaboración.